
ENTIDADE
Quero ser investigadora
Universidade de Vigo
6
LINGUA
María Méndez Santos

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Gráficas Muriel, S.A.

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e

Nacín en Vigo nos anos 80, nun momento difícil
Foron anos de moitos cambios. Había moita creatividade e moitas ganas de expresarse.

A cidade tiña problemas económicos, sobre todo pola crise naval.

Pero tamén había moita actividade cultural e artística.

No barrio de Coia había delincuencia e moita xente sufría.
A droga afectaba a moitas persoas.

Na infancia a miña nai apuntábame a acitividades como ximnasia rítmica e taekwondo, para gastar enerxía.

Encantábame ler e tamén
me gustaban moito as **novas**.
Vía os informativos todos os días.



Novas

As novas son informacións sobre cousas que pasan no mundo.

Contan feitos recentes, como sucesos, cambios ou actividades importantes.

As novas axudan ás persoas a saber o que está a pasar ao seu redor.

Na adolescencia cambiei de casa.
Tiven que deixar as miñas amizades.
Empecei de novo.
Iso axudoume a adaptarme
a situacións novas.

A carreira gustoume moito.
Descubrín materias novas: literatura,
morfoloxía, sociolingüística...



A morfoloxía

Explica as partes das palabras. Tamén explica como cambian as palabras.

Por exemplo,
a palabra "neno" pode cambiar a "nena" ou "nenos".
Isto pasa porque engadimos o u cambiamos partes da palabra. Estas partes chámanse morfemas e poden indicar:

- xénero (masculino ou feminino)
- número (singular ou plural)
- tempo (no caso dos verbos)

En resumo:

A morfoloxía axuda a entender como se constrúen e cambian as palabras.

En cuarto curso decateime de que me gustaba a lingüística. Por iso comecei o doutoramento.

Estiven noutros países como Armenia e Romania ensinando español a persoas estranxeiras.
Vivín noutros países como Ucraína e Xapón, onde aprendín moito e fixen moitas amizades.

Non estiven soa.
Moitas persoas axudáronme.
Tamén o meu marido, David.
El apóiame sempre.

No ano 2023 conseguín unha praza na Universidade de Vigo.

Lingüística

A **lingüística** explica como falamos e escribimos. Tamén explica como funcionan as linguas.

Por exemplo, a lingüística estuda:

- as palabras
- os sons
- as frases
- o significado

Tamén estuda:

- como aprendemos a falar
- como cambian as linguas co tempo

En resumo:

A lingüística axuda a entender como usamos a lingua para comunicarnos.



Gústame investigar.

Encántame ler e aprender cousas novas.

O meu traballo é observar
como fala a xente.

Que palabras usa? Como as usa?

Ás veces vexo algo curioso.

Entón fágome preguntas.

Busco información.

Se é un tema pouco estudado,
investígoo.

Interésanme temas como:

- a desmotivación polas linguas
- a discriminación lingüística
- as palabras novas
- os insultos

Ás veces as investigacións non saen ben.

Pero cando saen, é moi satisfactorio.

Creo que o meu traballo
pode axudar á sociedade.

Axuda a entender mellor
problemas como o racismo,
o machismo ou a homofobia.

Saber máis fai que sexamos
máis conscientes.

E pode axudar a crear unha sociedade
mellor e máis respectuosa.

Sociedade respectuosa

Unha sociedade respectuosa é un grupo de persoas que conviven tratando ben ás demais.

—Cada persoa acepta
que as demais son diferentes

—Ninguén é insultado,
excluído ou maltratado.

—As persoas escoitan e
dialogan en lugar de pelexar.

—Hai normas para coidar a
convivencia e cúmprense.

—Axúdase a quen o necesita.

En resumo:

Unha sociedade respectuosa é aquela onde todas as persoas poden vivir tranquilas, sentirse seguras e ser elas mesmas sen medo.

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN